

DOMINGO V DE CORESMA (C)

PRIMEIRA LECTURA Is 43;16-21

Lectura do libro do profeta Isaías

Así fala o Señor, que fixo un camiño polo mar e unha verea polas augas impetuosas, que fixo saír carros e cabalos, un exército moi poderoso. Eles deitaranse e non se levantarán, apagáronse coma a torcida dun candil, extinguíronse. ¿Non vos lembrades das cousas pasadas? ¿Non comprendéde-las cousas antigas? Ollade: eu estou facendo algo novo; xa agroma: ¿non vos dades conta? Si, vou abrir un camiño no deserto, ríos na estepa. Os animais do campo honraranme, os chacais e os poliños da avestruz, porque porei augas no deserto, ríos no ermo, para darlle de beber ó meu pobo, ó meu escollido, ó pobo que eu criei para min, e que contará a miña loanza.

SALMO RESPONSORIAL Sal 125, 1-2ab. 2cd-3. 4-5. 6

R/. (3): O Señor fixo connosco cousas grandes, estamos cheos de alegría.

Cando o Señor cambiou a sorte de Sión,
parecíanos un soño.
A boca enchéusenos de risos,
a lingua de cantares.

Daquela dicían os pagáns:
"O Señor fixo con eles cousas grandes".
O Señor fixo connosco cousas grandes,
estamos cheos de alegría.

Cambia, Señor, a nosa sorte,
coma os regatos no deserto.
Os que sementan entre bágoas,
recollen entre cantares.

Cando van, van chorando
os que levan a semente.
Ó viren, veñen cantando
os que traen os seus monllos.

SEGUNDA LECTURA Flp 3, 8-14

Lectura da carta do Apóstolo San Paulo ós Filipenses

Irmáns: Todo me parece perda comparado coa prominencia do coñecemento de Cristo Xesús, o meu Señor. Por El guindeino todo e doulle tanto valor coma ó lixo con tal de gañar a Cristo e de vivir nel, sen ter eu mesmo a xustiza da Lei, senón a xustiza que se recibe de Deus pola fe en Cristo, a xustiza de Deus que nos chega pola fe, para o coñecer a El, experimenta-la forza da súa resurrección e sintonizar cos seus sufrimentos, reproducindo en min a súa morte, para ver de acadar tamén eu a resurrección dos mortos. Non é que eu xa chegase á meta nin que xa atinxira a perfección. Non. Eu aínda vou correndo, a ver se a alcanzo, xa que tamén eu fun alcanzado por Cristo Xesús.

Irmáns, eu non boto de conta que a teña atinguido. Velaquí o único que fago: esquezo o que queda atrás e, lanzándome cara ó que está diante, bulo para pilla-lo premio ó que Deus desde arriba nos convoca en Cristo Xesús.

EVANXEO Xn 8, 1-11

Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán

Naquel día, á tardiña, Xesús saíu para o Monte das Oliveiras. Pero á alborada, presentouse outra vez no templo e toda a xente veu onda el; el sentou e empezou a ensinar.

Os escribas e fariseos trouxéronlle unha muller sorprendida en adulterio; puxérona no medio e medio e preguntáronlle: - Mestre, a esta muller collérona en flagrante adulterio. Moisés, na Lei, mandounos apedrar a esta xente. ¿Ti que dis?

Preguntábanllo á mala fe para teren así de que o acusar. Pero Xesús, abaixado, escribía co dedo na terra. Como lle seguían preguntando, ergueuse e díxolles: - Quen de entre vós non teña pecado, que lle tire a primeira pedra. E, abaixándose outra vez, escribía na terra. Pero eles, ó que o escoitaron, foron liscando un a un, comezando polos máis vellos. Quedou el só coa muller, que seguía no medio. Ergueuse entón e preguntoulle: - Muller ¿onde van? ¿Ninguén te condenou? Ela respondeulle: - Ninguén, Señor. Díxolle Xesús: - Tampouco eu te condeno: vaite e desde agora non peques máis.